

**Resolución do Tribunal designado pola Resolución do 19 de outubro de 2023 (DOG núm. 207 de 31 de outubro), que deberá cualificar o proceso de acceso por promoción interna e o proceso de provisión por mobilidade nos corpos da Policía Local de Galicia, escala básica, categoría de oficial, convocados pola Orde do 19 de abril de 2023 (DOG núm. 86 do 05/05/2023)**

En sesión que tivo lugar o día 30 de novembro de 2023, este tribunal

#### **ACORDOU:**

**Primeiro.** Segundo o establecido na base 5.2 da convocatoria deste proceso selectivo, publíquese xunto con esta resolución os seguintes anexos:

- Anexo I coa listaxe das persoas aspirantes que realizaron o primeiro exercicio coas cualificacións obtidas no mesmo, por orde decrecente de puntuación.
- Anexo II coa listaxe das persoas aspirantes que realizaron o primeiro exercicio coas cualificacións obtidas no mesmo, por orde alfabética.

As persoas aspirantes que non figuran nestas listaxes por non presentarse a realización deste exercicio quedan excluídas automaticamente do proceso.

**Segundo.-** Concédese un prazo de cinco (5) días a efectos de alegacións as cualificacións obtidas no primeiro exercicio, que corresponde cos días 1, 2, 3, 4, e 5 de decembro de 2023.

As alegacións presentaranse preferiblemente na sede electrónica da Xunta de Galicia, sede.xunta.gal; no caso de que a solicitude de participación no proceso se fixera a través da sede electrónica da Xunta de Galicia, a dita sede electrónica da Xunta de Galicia permítelles as persoas interesadas facer trámites electrónicos, con posterioridade ao inicio do expediente, accedendo a Carpeta do cidadán da persoa interesada.

No caso de que a solicitude de participación no proceso se fixera por calquera outro medio as alegacións realizaranse accedendo á sede electrónica da Xunta de Galicia (sede.xunta.gal) e presentando o modelo PR004A, que se dirixirá a Academia Galega de Seguridade Pública.

Non obstante, cando as persoas interesadas non resulten obrigadas á presentación electrónica das solicitudes tamén poderán tramitarse presencialmente en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común (Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas).

No caso de presentarse a alegación por calquera medio diferente da sede electrónica da Xunta de Galicia, deberá remitirse unha copia da alegación presentada e do xustificante da súa presentación ao enderezo electrónico [seleccion.agasp@xunta.gal](mailto:seleccion.agasp@xunta.gal), antes das 23:59 horas do 5 de decembro de 2023.

Cando as alegacións se refiran a disconformidades coa cualificación outorgada deberase indicar claramente as preguntas concretas que a persoa interesada se refira para poder comprobar a procedencia ou non da alegación.



**Terceiro.** Remitir ao servizo de selección, coordinación e planificación da AGASP esta resolución xunto cos anexos para a súa publicación na súa páxina web e na súa sede.

**Carto.** Segundo a base 8.8 da convocatoria, os acordos adoptados polo tribunal poderán ser obxecto de recurso de alzada ante a persoa titular da Dirección Xeral da AGASP, nos termos previstos nos artigos 21 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro.

A Estrada, asinado dixitalmente.

A presidenta do Tribunal  
María del Carmen Rebolledo Olmedo

